(Utilizarse para isto unicamente o impreso oficial que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos LERD ou que se xerará a través da aplicación Nerta).



2.1.- Específicos (Matrícula Anticipada):

a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia que teña aprobado o Bacharelato ou equivalente en anos anteriores, pero non a PAU:

- * Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- * Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

O alumnado de Bacharelato LOE presentarase á PAU polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, agás os que teñan solicitado presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

b) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia que tendo aprobada a PAU desexe mellorar a súa cualificación.

- * Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU.

c) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra da C.A. de Galicia que tendo aprobada a PAU desexe mellorar a súa cualificación.

- * Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU.
- * Acreditación da súa residencia actual en Galicia.
- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.

d) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA e DANZA) en posesión do título de Bacharelato ou equivalente:

-O alumnado de PREU, COU e LOXSE

- * Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- * Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

O alumnado de PREU, COU e Bacharelato LOXSE presentarase á PAU polo mesmo centro no que cursase o PREU, COU e/ou segundo curso do Bacharelato, agás os que teñan solicitado presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

-O alumnado de Música e Danza:

- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- * Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
- * Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.

e) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalente e desexen realizar a Fase Específica da PAU:

- * Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CiUG aos centros.
- * Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

O alumnado de centros de fóra da C.A. de Galicia deberá aportar, ademais:



- * Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.
- * Acreditación da súa residencia actual na C.A. de Galicia.
- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.

f) Alumnado de FP do ano en curso pertencente a centros da C.A. de Galicia que estea en disposición de acadar o título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalente na convocatoria de xuño de 2015 e desexen realizar a Fase Específica da PAU:

- * Certificación académica oficial provisional expedida polo centro na que conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción: a) para os TSFP do de Formación en Centros de Traballo e, no seu caso, do módulo do proxecto; b) para os TS Artes Plásticas e Deseño ou de formación práctica en empresas, estudo e talleres e o módulo de proxecto integrado; c) para os T. Deportivo Superior os módulos de formación práctica e de proxecto final, (segundo a Orde do 24 de marzo de 2011, DOG luns 4 de abril de 2011).

g) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtiveran o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suiza) e o alumnado procedente de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou estados cos que se teñan suscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da Fase Específica:

- * Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.
- * Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma.
- * Acreditación da súa residencia actual na C.A. de Galicia.
- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.

h) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan suscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, e

i) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan suscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da Fase Específica:

- * Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.



- * Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma.
- * Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.
- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.

Nota: As Universidades poderán admitir con carácter condicional a estes estudantes sempre que acrediten ter presentado a correspondente solicitude da homologación mentras se resolve o procedemento para dita homologación (Art. 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño).

2.2.- Específicos (Matrícula Ordinaria e Extraordinaria):

- Alumnado de centros da C.A. de Galicia que teña superado o Bacharelato ou a dobre titulación Bacharelato Español e Baccalauréat francés na convocatoria de xuño de 2016:

- * Fotocopia do Título de Bacharelato / Baccalauréat francés ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. De cara a axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos/as teñen feito o depósito do título do Bacharelato.
- * Os/as **representantes dos centros** acompañarán a matrícula dunha **listaxe de alumnos matriculados na PAU** con indicación do DNI, apelidos e nome, materia de modalidade elixida na fase xeral, lingua estranxeira, modalidade de texto elixido (filosófico ou histórico), exención de Lingua Galega (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou xustificante de exención (se é o caso). Este listado poderá ser xerado a través da aplicación informática Nerta.

3.- REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN: de conformidade co disposto no *artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, os **documentos que se dirixan á CIUG**, ademais de nos LERD indicados no **Anexo I**, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
- Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- Nas Oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

- COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA: só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- Rexistros relacionados no apartado anterior.
- Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
- Organismo español que expediu o documento.
- Notarios españois.
- Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requirirase a presentación do



orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación. Tamén se requerirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

4.- PREZOS PÚBLICOS

De conformidade co disposto no Decreto 90/2015, do 18 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 123 do xoves, día 2 de xullo de 2015), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**.

O aboamento de prezos deberá facerse no impreso establecido.

- Axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos:

| | |
|--|--------------------|
| - Familia numerosa - Categoría Xeral | 31,84 euros |
| - Familia numerosa - Categoría Especial | Gratuíta |
| - Persoal das Universidades do SUG | Gratuíta |
| - Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero | Gratuíta |

Os membros de **familia numerosa de 1ª e 2ª Categoría Xeral**, así como os de **Familia Numerosa de Honra Categoría Especial**, beneficiaranse da redución ou exención correspondente, de acordo coa normativa específica.

Tamén serán beneficiarios das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos, todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico segundo o establecido no Decreto 90/2015, do 18 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 123 do xoves, día 2 de xullo de 2015).

- (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia compulsada do carné de Familia Numerosa.
- (2) O Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta. A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos, ademais, por medio da fotocopia do Libro de Familia.
- (3) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), de vítima de acto terrorista ou de vítimas de violencia de xénero acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñece a condición correspondente que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, para que teña eficacia.

5.- LISTAXES DE MATRICULADOS

- **30 de maio:** O alumnado deberá revisar os datos contidos nas listaxes de matriculados que se farán públicos nos centros de ensino secundario o día 30 de maio, a partir das 9.00 horas, puidendo interpoñer -no seu centro- reclamación aos mesmos, ata as 14.00 horas dese día.

- **3 de xuño:** Consulta en NERTA das listaxes provisionais de matriculados.

6.- EXAMES. GRUPOS DE ALUMNOS E CENTROS NOS QUE SE INTEGRAN

O alumnado matriculado nestas probas convócase para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas segundo se indica no **Anexo II**.



7.- CALENDARIO E HORARIO DOS EXAMES

- **Calendario:** os exames terán lugar os **días 8, 9 e 10 de xuño**.
- **Horario:** o horario dos exames especificase no ANEXO III.

8.- PRESENTACIÓN DOS ALUMNOS/AS AOS EXAMES

Todos os alumnos/as deberán acudir á presentación o primeiro día as 9.00 horas e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo de cada un deles, e deberán concorrer provistos do DNI ou pasaporte, pluma ou bolígrafo, e de material axeitado para realizar as probas correspondentes ás materias de Debuxo e ás específicas da modalidade de Artes do Bacharelato, así como dicionarios de Latín e Grego para a realización dos exames.

Non está permitida a asistencia aos exames con teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos, excepto calculadoras non programables. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de medida disciplinaria.

9.- PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS EXAMES

Unha vez rematadas as probas, as cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet o día **17 de xuño**, a partir das 20.00 horas.

Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha **copia da acta de cualificacións da PAU** correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática NERTA.

O día **23 de xuño** faranse públicas as cualificacións despois da resolución das solicitudes de segunda corrección e das solicitudes de reclamación (a partir das 13.00 horas).

As cualificacións definitivas despois das reclamacións ao resultado da segunda corrección faranse públicas o día **30 de xuño** (a partir das 15.00 horas).

10.- ENTREGA DAS TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

O día **21 de xuño**, os LERD enviarán por correo aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU*.

Posteriormente, o día **27 de xuño**, os LERD remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión das cualificacións*.

Finalmente, o día **1 de xullo**, os LERD remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU con modificación de nota despois da segunda revisión das cualificacións*.

11.- REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

- **SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN E SEGUNDA CORRECCIÓN (primeiro prazo):** Unha vez publicadas as cualificacións das probas, o alumnado, cando considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais e específicos de corrección, poderá presentar no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, **solicitud de segunda corrección** a unhas materias e **solicitud de reclamación** a outras materias distintas. O alumnado **non poderá presentar simultaneamente** solicitude de dobre corrección e solicitude de reclamación **sobre unha mesma materia**.

O **prazo de presentación das solicitudes de segunda corrección/reclamación**, perante o presidente do Tribunal Único, será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións (**do 18 ao 21 de xuño**).



Os exercicios sobre os que se presente a solicitude de reclamación serán revisados por un profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección, co obxecto de verificar que todas as cuestións foran avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección, así como a comprobación de que non existan erros materiais no proceso de cálculo da cualificación final. A cualificación definitiva da materia será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da primeira corrección, agás nos casos de erros de suma no que a cualificación será a que resulte correcta.

Os exercicios sobre os que se solicítase a dobre corrección serán corrixidos por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. A cualificación resultará da media aritmética de ambas as correccións, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta e non a media aritmética.

No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións, un tribunal distinto efectuará unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

- SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN Á SEGUNDA CORRECCIÓN (segundo prazo): No prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección (**do 27 ao 29 de xuño**), o alumnado que non estea conforme coa cualificación poderá presentar, ante a Comisión Organizadora, **solicitud de reclamación sobre materias nas que previamente solicitase segunda corrección**. A cualificación será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da dobre corrección, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta.


As **solicitudes de segunda corrección** e de **reclamación** poderanse facer a través da **aplicación informática NERTA**, empregando o seu **código de acceso**, ou nos **LERD**, solicitando e empregando os **impresos específicos**. No caso de presentar as solicitudes na Internet, o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación da mesma.

Contra a resolución adoptada pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

12.- COMISIÓN ESPECIAL PARA ALUMNOS CON MINUSVALÍA QUE O SOLICITEN

Habilitarase unha Comisión Delegada no centro "CPR Santiago Apóstol - ONCE" (Pontevedra) e, de ser o caso, na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, onde o alumnado que expresamente o solicite e o acredite convenientemente terá a posibilidade de dispoñer das adecuacións de tempo e medios que permitan ao alumno/a con minusvalía facer as probas en igualdade de condicións que o resto do alumnado.

Santiago de Compostela, 3 de maio do 2016
Presidente da CiUG


Luis María Hervella Torión

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA
DISTRITO UNIVERSITARIO ÚNICO
GALICIA



CONVOCATORIA DE PRUEBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO A LOS ESTUDIOS DE GRADO EN CIENCIAS DE LA ACTIVIDAD FÍSICA Y DEL DEPORTE, DE LA FACULTAD DE CIENCIAS DEL DEPORTE Y LA EDUCACIÓN FÍSICA, PARA EL CURSO ACADÉMICO 2017-2018.

El RD 1423/1992, de 27 de noviembre, sobre incorporación a la universidad de enseñanzas de educación física, establece en su artículo 3 que las Universidades, en atención a las aptitudes indispensables para el aprendizaje de las materias o disciplinas propias de las enseñanzas de educación física, podrán efectuar, a quien solicite iniciar dichos estudios, pruebas de evaluación de las aptitudes personales para la actividad física y el deporte que, en ningún caso, consistirán en pruebas de conocimiento y sólo se otorgará la calificación de apto o no apto.

Las normas vigentes que regulan las condiciones para el acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de Grado y el procedimiento de admisión a las universidades públicas españolas, permiten que las universidades puedan establecer pruebas específicas para el acceso a determinadas enseñanzas; no obstante, la solicitud para realizar las pruebas específicas no exime de la realización de los trámites de acceso y admisión a la Universidad regulados por el Real decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

De acuerdo con lo expuesto, se convocan las pruebas específicas de acceso, que se regularán por las siguientes

BASES:

Primera: número de plazas

El número de plazas para la admisión a los estudios de 1º curso del Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte para el curso académico 2017-2018, será el que apruebe la Comunidad Autónoma de Galicia, tras la propuesta del Consello de Goberno de la UDC.

Segunda: requisitos

Además de las personas que reúnan los requisitos previstos en el artículo 3 del RD 412/2014, de 6 de junio, por el que se establece la normativa básica de los procedimientos de admisión a las enseñanzas universitarias oficiales de grado, y sin perjuicio de lo establecido para el acceso a la universidad en el citado Real decreto-ley 5/2016, podrá presentarse a las pruebas específicas de acceso quien esté cursando el bachillerato o un Ciclo Formativo de Grado Superior.

De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 9 del RD 971/2007, de 13 de junio, sobre deportistas de alto nivel y de alto rendimiento, estos deportistas están exentos de realizar estas pruebas, sin perjuicio del alcance y límites a esta condición establecidos en el artículo 16 del citado Real Decreto.

Los aspirantes que en las pruebas específicas de acceso a estos estudios para los cursos 2015-2016 e 2016-2017 obtuvieron la calificación de "apto", no tendrán que realizarlas nuevamente en esta convocatoria, sin perjuicio de cumplir con la normativa para el acceso y admisión a la universidad.

Tercera: solicitud de matrícula para realizar las pruebas de admisión y documentación que hay que entregar

Las personas que deseen tomar parte en las pruebas específicas cursarán su solicitud dirigida al decano de la Facultad a través de Internet, siendo obligatorio adjuntar una fotografía escaneada, en los plazos señalados en las presentes bases.

Los aspirantes entregarán la documentación exigida en esta convocatoria en la administración de la Facultad de Ciencias del Deporte y la Educación Física, personalmente o bien a través de correo certificado en un plazo máximo de los 10 días posteriores a la fecha de la solicitud, y siempre con anterioridad al cierre de cada plazo de matrícula. A estos efectos, será de aplicación el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, dentro de los plazos que se señalan y de acuerdo con las siguientes condiciones:



La documentación que deberán presentar es la siguiente:

- Copia impresa de la solicitud cursada por internet.
- Tarjeta de examen debidamente cubierta, con fotografía adherida.
- Fotocopia del DNI
- Certificado médico expedido en fecha reciente (como máximo en los cuatro meses anteriores al plazo de entrega de la documentación) en que se haga constar que el solicitante no padece ninguna enfermedad o patología en la que esté contraindicada la práctica deportiva.
- Resguardo de abonar los derechos de examen y el pago del seguro de accidentes que se realizará mediante un impreso contable para tal fin, así como la documentación justificativa en caso de exención.

Los aspirantes incluidos en el turno de discapacidad deberán:

- Solicitar expresamente en la instancia dirigida al decano de la Facultad de Ciencias del Deporte y la Educación Física que se realicen las adaptaciones necesarias a su caso.
- Adjuntar en su documentación la certificación oficial de discapacidad, reconocida por el órgano correspondiente de la Xunta de Galicia u otro órgano oficial.

Para poder realizar dichas pruebas será necesario tener entregada toda la documentación mencionada. La falta de documentación es motivo de no admisión.

Cuarta: plazos de matrícula para las pruebas específicas de acceso

Los plazos de matrícula para las pruebas específicas de acceso serán los siguientes:

- Oportunidad del 22 de abril de 2017: del 06.03.2017 al 31.03.2017 (ambos inclusive)
- Oportunidad del 20 de junio de 2017: del 09.05.2017 al 02.06.2017 (ambos inclusive). A esta oportunidad podrán concurrir aquellas personas que no obtuvieron la calificación de APTO en la oportunidad de abril y también aquellas otras que por cualquier circunstancia no se hubiesen presentado a ésta.

Tras el cierre del plazo de matrícula de cada oportunidad se publicará la relación provisional de admitidos y excluidos en el tablón de anuncios y en la página web de la Facultad, y se abrirá un plazo de cinco días naturales para posibles reclamaciones. La relación definitiva de admitidos será publicada en los mismos lugares. Contra esta resolución se podrá interponer un recurso de alzada ante el rector, en el plazo máximo de un mes que contará a partir del día siguiente de su publicación.

Las bases de la convocatoria, las instrucciones de matrícula y los anexos de la presente convocatoria pueden descargarse de la siguiente página web <http://inefg.udc.es/index.php/pruebas-especificas-de-acceso>.

Quinta: derechos de examen

El importe de los derechos de examen será de 63,67 €, más 6 € en concepto de seguro de accidentes, cantidades que se abonarán en un único pago. Las posibles bonificaciones o exenciones de precios estarán sujetas a lo que está dispuesto en el artículo 13.2 de la Normativa de Gestión Académica para el curso 2016/2017, aprobada por Resolución Rectoral del 29/06/2016.

El pago de los derechos de examen permitirá presentarse a las dos oportunidades previstas en esta resolución (abril y junio); sólo habrá que abonar nuevamente el seguro de accidentes y cursar la solicitud por internet en los plazos indicados, no siendo necesario aportar nueva documentación salvo la solicitud y el certificado médico, en el caso de que la fecha de expedición supere los cuatro meses.

Sexta: lugar y fechas de realización de las pruebas

Las pruebas se realizarán en las instalaciones de la Facultad de CC. del Deporte y la Educación Física de la Universidade da Coruña, sita en la Avda. Ernesto Che Guevara, 121. Oleiros.

Las dos oportunidades de realización de las pruebas específicas de acceso tendrán lugar en las fechas establecidas en la base 4ª.



Séptima: reglamento de las pruebas específicas de acceso.

El Reglamento de las pruebas específicas de acceso a los estudios de Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte es el que consta en el Anexo I de esta convocatoria, y también podrá ser consultado en la siguiente dirección: <https://probasinefgalicia.udc.es>.

Descripción y orden de realización

Consistirá en la realización de 3 pruebas de aptitud para la actividad física y el deporte, con unas puntuaciones A y B, conforme al baremo que recoge el Anexo II de esta convocatoria y siguiendo el orden que se especifica a continuación:

Bloque 1: Prueba de adaptación al medio acuático

Bloque 2. (elegir una entre las tres siguientes):

- Prueba de agilidad en el suelo
- Prueba de carrera de obstáculos
- Prueba de agilidad con el balón

Bloque 3: Prueba de resistencia cíclica

Puntuaciones y procedimiento

El aspirante tendrá que realizar obligatoriamente dos pruebas: adaptación al medio acuático y resistencia cíclica (bloque 1 y 3), teniendo que elegir en el momento de la inscripción una entre las tres restantes (bloque 2). Para conseguir el apto será necesario por lo menos la puntuación A en dos de las tres pruebas realizadas y la B en la otra. El tribunal podrá descalificar al aspirante en una prueba si no cumple lo que establece el Reglamento.

El tribunal podrá modificar el orden de las pruebas si fuese necesario, en función de las necesidades de organización. Cuando el rendimiento del aspirante en una prueba sea interferido por motivos ajenos a su voluntad, a juicio del tribunal, el aspirante podrá repetir la prueba.

Octava: aptos

Rematada cada oportunidad se publicará la relación provisional de aptos y no aptos, en función del baremo establecido en el Reglamento de estas pruebas, que consta como Anexo II de esta convocatoria. Esta relación se publicará en el tablón de anuncios y en la página web de la Facultad y se abrirá un plazo de cinco días naturales para posibles reclamaciones. Resueltas las reclamaciones se publicará la relación definitiva de aptos y no aptos en los mismos lugares y contra esta relación se podrá interponer un recurso de alzada ante el rector en el plazo de un mes, que contará a partir del día siguiente de su publicación.

El "apto" en las pruebas específicas de acceso en esta convocatoria se mantendrá durante los dos cursos siguientes (2018-2019 y 2019-2020) y será comunicado a la CIUG.

Novena: tribunal

Las pruebas específicas serán juzgadas por un tribunal nombrado por el rector de la Universidade da Coruña, por propuesta del decanato de la Facultad de Ciencias del Deporte y la Educación Física, formado entre profesores de ésta y que estará presidido por su decano o persona en quien delegue.

A Coruña, 24 de febrero de 2017

El Rector de la Universidade da Coruña



Julio E. Abalde Alonso

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201700004210
09/03/2017 08:18:41

RESOLUCIÓN REITORAL DO 9 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE PROBAS DE APTITUDE PARA O ACCESO AO GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2017/2018

O ingreso no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte está subordinado ao Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, que, no seu artigo 10, permite a realización de avaliacións específicas de competencias. Quen desexe acceder a esa titulación na Universidade de Vigo ademais de solicitar a admisión (preinscripción) a través dos procedementos telemáticos que estableza a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), terá que realizar as probas específicas de aptitude reguladas na presente convocatoria.

Non terá que realizar esta proba específica de aptitude:

1. Quen teña superadas no ano natural 2016 as probas específicas de acceso á titulación en calquera facultade do sistema universitario español ou as supere en 2017 sempre e cando o faga antes da apertura dos prazos que establece a CiUG para o acceso a centros con límite de prazos (<http://ciug.cesga.es/>).
2. Quen estea acreditado como deportistas de alto nivel ou de alto rendemento polo Consello Superior de Deportes ou polo organismo competente da Comunidade Autónoma.

O regulamento específico das probas de aptitude publicarase na páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (<http://feduc.webs.uvigo.es/>).

A selección para quen supere as probas de aptitude farase de acordo co procedemento de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do sistema universitario de Galicia (SUG) baixo a coordinación da CiUG atendendo ao número de prazos aprobadas pola Comunidade Autónoma de Galicia tras a proposta do Consello de Goberno da Universidade de Vigo para a admisión ao primeiro curso do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Por todo isto e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro (DOG do 2 de febreiro de 2010),

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria para a participación e realización das probas de avaliación específicas das aptitudes e habilidades para o acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte segundo o calendario establecido no anexo I e suxeita ás seguintes normas:

PRIMEIRA. Presentación de solicitudes e documentación

A solicitude, no modelo oficial que se atopa na páxina web da facultade (<http://feduc.webs.uvigo.es/>) no apartado de "acceso e admisión", entregarse en horario de 9.00 a 14.00 horas, nas seguintes dependencias, sen prexuízo do disposto na Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas :

- ✓ Negociado de alumnos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra
- ✓ Registro xeral da universidade (Xerencia e Servizos Centrais, Campus de Vigo)
- ✓ Registro auxiliar (E. E. Industrial, rúa Torrecedeira, Vigo)
- ✓ Registro auxiliar do campus de Ourense (Edificio Administrativo, As Lagoas)
- ✓ Registro auxiliar do campus de Pontevedra (E. E. Forestal, A Xunqueira)

Xunto á solicitude presentárase a seguinte documentación:

- ✓ Resgardo de aboamento dos dereitos de exame e do pagamento do seguro de accidentes
- ✓ Fotocopia do documento de identidade acreditativo
- ✓ Certificado médico expedido en modelo oficial do colexio médico en data recente (máximo dous meses) e no cal conste literalmente e completo o seguinte texto: **"Non existe ningún tipo de contraindicación que impida a realización de probas físicas de máximo esforzo"**. No caso de persoas que residan no estranxeiro poderán presentar o modelo de certificado médico oficial do país de residencia incluíndo o texto en inglés: **"There is no contraindication to the completion of the maximal exercise stress tests"**
- ✓ Certificación oficial de discapacidade expedida pola Xunta de Galicia ou por outro órgano oficial, de ser o caso

SEGUNDA. Adaptacións para persoas con discapacidade

Co fin de garantir que as persoas que teñan algún tipo de discapacidade poidan realizar as probas nas debidas condicións de igualdade, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte realizará as adaptacións específicas para quen o indique expresamente na solicitude. Así mesmo, o tribunal poderá modificar os protocolos e os baremos das probas específicas, tendo en conta as características teórico-prácticas dos estudos e a posible adaptación destes nos casos que puidesen presentarse.

TERCEIRA. Pagamento dos dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame será de 63,67 euros, máis 6 euros en concepto de seguro de accidentes. Este pagamento permitirá presentarse ás convocatorias que teñan lugar segundo o calendario establecido no anexo I.

Non se devolverá ningunha cantidade, salvo por causas de forza maior suficientemente acreditadas e mediante unha solicitude dirixida ao tribunal.

CUARTA. Publicación das listaxes de persoas admitidas e excluídas para a realización das probas

As listaxes provisionais e as definitivas publicaranse no taboleiro da facultade e na súa páxina web (<http://feduc.webs.uvigo.es/>) no apartado de "acceso e admisión". No caso das definitivas estarán distribuídas por quendas nas cales se incluírá a data e hora de inicio da proba.

As reclamacións ás listaxes provisionais presentaranse perante o Decanato da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

QUINTA. Realización das probas

As probas de aptitude terán lugar nas instalacións deportivas da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra, A Xunqueira, s/n 36005), agás as probas de natación que terán lugar na piscina do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Estadio da Xuventude).

As persoas non cualificadas como aptas na primeira data ou que non se presentasen por calquera circunstancia, poderán facelo na segunda data. Tamén poderán presentarse na terceira data, sempre e cando quedasen prazas vacantes despois de realizarse as dúas primeiras.

O contido das probas así como a información necesaria poden consultarse no taboleiro da facultade e na súa páxina web (<http://feduc.webs.uvigo.es/>) no apartado de "acceso e admisión: probas e matrícula".

SEXTA. Publicación das listaxes dos resultados das probas de aptitude e comunicación á CiUG

As listaxes provisionais e as definitivas de persoas aptas, non aptas e non presentadas, publicaranse no taboleiro da facultade e na súa páxina web (<http://feduc.webs.uvigo.es/>) no apartado de "acceso e admisión".

As reclamacións ás listaxes provisionais presentaranse perante o Decanato da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte remitirá á CiUG, á maior brevidade posible, as listaxes definitivas de persoas aptas.

SÉTIMA. Validez dos resultados das probas de aptitude obtidos na pasada e presente convocatoria

As persoas cualificadas como aptas nas probas de aptitude na convocatoria do curso académico anterior non están obrigadas a inscribirse e realizar as probas de aptitude nesta xa que a cualificación gárdase para o curso académico seguinte, sen prexuízo de cumprir co que dispón a CiUG para o acceso á universidade e de realizar a preinscripción a través dos procedementos telemáticos establecidos.

Así mesmo, as persoas cualificadas como aptas nesta convocatoria non terán que repetir as probas de aptitude na convocatoria seguinte.

OITAVA. Prazas vacantes

En previsión de que poidan quedar prazas vacantes, poderá levarse a cabo outra proba de aptitude no mes de setembro, de acordo co calendario que figura no apartado II do anexo I.

NOVENA. Resolución das reclamacións e recursos

Todas as resolucións que se diten en aplicación da presente convocatoria deléganse no órgano de dirección da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, facendo constar nelas este carácter. As reclamacións ás listaxes definitivas darán lugar á formulación dos recursos recollidos na Lei 39/2015.

DÉCIMA. Tratamento e publicación de datos persoais

Os datos persoais recollidos na solicitude relacionada con esta convocatoria teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a tramitación, organización e realización das probas. Quen participe nesta convocatoria está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e publicados na páxina web da Universidade de Vigo e nos correspondentes taboleiros de anuncios e cedidos á CiUG. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo.

UNDÉCIMA. Normas finais

Facúltase á Secretaría Xeral para ditar as instrucións que faciliten a interpretación das normas polas que se rexe a presente convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 9 de marzo de 2017

O RECTOR,



Salustiano Mato de la Iglesia

ANEXO I
CALENDARIO RELATIVO ÁS PROBAS DE APTITUDE PARA O ACCESO AO
GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

Apartado I:

PROBAS DE MAIO E XUÑO 2017

| | |
|---|---|
| Presentación de solicitudes | do 10 de marzo ao 20 de abril |
| Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas | 26 de abril |
| Reclamacións ás listaxes provisionais | do 27 de abril ao 12 de maio |
| Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas | 22 de maio |
| Realización das probas físicas | 1ª data: 25 de maio; 2ª data: 22 de xuño |
| Publicación das listaxes provisionais de persoas aptas, non aptas e non presentadas | 26 de xuño |
| Reclamación ás listaxes provisionais | do 27 ao 30 de xuño |
| Publicación das listaxes definitivas de persoas aptas, non aptas e non presentadas | 4 de xullo |

Apartado II:

PROBA DE SETEMBRO 2017

| | |
|---|-------------------------|
| Presentación de solicitudes | do 1 ao 6 de setembro |
| Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas | 11 de setembro |
| Reclamación ás listaxes provisionais | do 12 ao 14 de setembro |
| Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas | 18 de setembro |
| Realización das probas físicas | 20 de setembro |
| Publicación das listaxes provisionais de persoas aptas, non aptas e non presentadas | 22 de setembro |
| Reclamación ás listaxes provisionais | do 25 ao 27 de setembro |
| Publicación das listaxes definitivas de persoas aptas, non aptas e non presentadas | 28 de setembro |